


Núm 106

Tomo 9.º

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 "
Número solto 0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

SEBELLAS SEX SOMENTES, por R. CARBALLO CALERO.

ULTREYA, por ALVARO DAS CASAS; REMIXIO GONZÁLEZ GÁNDARA e ALEXANDRE AGRA CADARSO.

DA ALEMAÑA, por VICENTE RISCO (proseguimento).

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, por a REDACCIÓN.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda clase de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encargos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Outono do 1932 ★ Núm. 106

SEMELLAS SER SOMENTE

Por R. CARBALLO CALERO.

Semellas ser samente
arume de espírito de femia.

Torre de luar, castelo de brancura,
outa, casta, sinxela, lanzal.

As rosas esmaecen
de emoción ô teu paso.

A túa ollada as fronte
máis enrugadas, fai
floreecer en sorrisas.

Os rudos, os groseiros,
pra falaren contigo,
póñense outra faciana.

(Vinte
sátiro seductor de estrelas,
estuprador de frores,
bicar axionllado

a soma do confín da súa faldra,
beber ruborizado
o esquecido do eco súa voz;
tí, afeito ô bico violador,
tí, afeito ô viño da adega de Sade),

Os ollos dos que viron
os corpos mutilados,
os corpos aldraxados,
o sangue da ferida e da deshonra,
a guerra e a luxuria,
ô se pousar nos teus
esquecen as imaxes que copiaron.

A túa voz é imán
que rouba ôs corazóns
os coitelos da dor.

Divina prestidixitadora
fixeches coas firentes follas
o nimbo de luar que te coroa.



U L T R E Y A

1.ª XEIRA (Misión Biolóxica de Galiza)

A revista NÓS aprecia como o maior orgullo o sere órgano da outa cultura galega. Todos os movementos de certo senso intelectual, tiveron nas nosas páxinas as amplias resoancias que merecían. Certos no noso camiño, sinalamos a aparición dos agrupamentos *Ultreya* como unha das máis rexas convulsións do pensamento novo, como un movemento da nosa xuventude destinada a dar á nosa patria fálxidos días de gloria.

Cumprense felizmente nosos ledos vaticínios, e ave podemos agasallar aos nosos lectores co report da primeira Xeira tiña na Graña de Salcedo (Pontevedra) da *Misión Biolóxica de Galiza*, dende vinte á vinte e sete de marzo.

Respaldados pol-a nosa historia, co prestixio que nos dan os máis firmes valores mestros da Terra que en roda de NÓS se xuntan, saudamos en *Ultreya* á máis agartimosa esperanza pra o porvir.

Aos Profesores

Xosé Filgueira Valverde, Isidro
Parga Pondal e Ramón Martínez
López benqueridos irmáns, ilus-
tres amigos e inestimabres cola-
boradores

A. C.

L I M I A R

Concebín a idea de crear os agrupamentos *ULTREYA* libre de toda suxerencia; si acaso pensando no éxito que un tempo alcanzaron no noso país os eisploradores — xa totalmente desaparecidos — e na posibilidade de inspirar unha orgaización que, recollendo o espírito xuvenil daquelas tropas, se mantivese ao marxen de patrioteirías pueriles e de malsanas parodias castrenses. Coidaba que o intre era propicio: nosa mocidade, aburrida dos partidos polítecicos, cansa de loitar por conquistar metas eisescesivamente fáciles, arelaba xuntarse nunha gran cruzada espritoal na que os obxetivos, por lonxanos, sería infinitamente máis cobizados. Outras orgaizaciós semellantes (como *SCHOKOL* no eistranxeiro e *PALESTRA* na Iberia) conocinas despois de estar en marcha, en prena realización, a miña idea. Agora, sabendo como viven as xuventudes da Europa nova, estudado o intresantísimo libro de Alexander e Beryl Parker en col da educación na Alemaña, sintome máis que nunca orgulloso da miña obra e teño a certeza de que, continuando como hastra eiqú, a miña patria será un belo eisemplo.

Perfeitamente perfilada miña visión sobre o que tiñamos de facer, pedín colaboración aos meus alumnos do Liceo de Noia, e con eles lancei un chamamento á mocidade galega que foi datado en dez de febreiro deste ano i-espallado tres días despois. Cando correu un mes tiñamos arredor de nós oitocentos rapaces, dos doce aos dazaoito anos. Ourense, Pontevedra, Vilagarcía, Vigo e Compostela diron, no entusiasmo e na eficacia das respostas, unha proba máis da súa afervorada galeguidade.

Certo de que o noso triunfo dependía de orgaizar rapidamente unha xeira de unha semán, na que poidesen convivir perto de min rapaces de diferentes vilas e cidades aos que tería de espricar amplamente o meu pensamento, requerín o concurso dos meus amigos de Pontevedra meo que, por todol-os aspectos, era o máis adecuado pra unha xuntanza na que se ía á xogar o noso porvir; si dela os rapaces saían satisfeitos, nosa vida ficaba garantida, sinón podía darse todo por perdido. Resta decir que, despois desta xeira, casi se duplicou o número de ultreyas.

Co a xuntanza tiñamos de conquistar un dos fins da nosa obra coal é o de ir conociendo pouco á pouco as grandes institucións da terra, e maxinamos dende o primeiro instante solicitar albergue na benemérita MISIÓN BIOLÓXICA. Temos a obriga de afirmar que tanto o presidente do seu patronato Reitor Dr. Cadarso, como o presidente da Diputación Dr. Caaño e o presidente do Concello pontevedrés Dr. Tafall, díronnos todo xeito de facilidades, preñendo nosa gratitude á este xesto que á todos nos honra.

A estadia dos rapaces durante esta semán foi totalmente gratuíta e de seus traballos, das fondas emocións sentidas, dan idea os diarios feitos. Decátense os galegos, por unha páxina de cada rapaz, da mañitude do esforzo, e dos longos vieiros que, nesta orientación, ábrese ás novas xeracións.

Pol-a miña parte, tamén eu fixen o meu diario dende logo moito menos intresante que o dos rapaces. Nentanto, pra que esta información sexa o máis completa posíbre, recollo unhas anacos dele por si é que poden totalizar a visión que os nosos irmáns deben ter desta gran xeira lograda na GRANXA DE SALCEDO dende vinte á vinteseite de marzal do mil novecentos trinta e dous.

19.—Saio de Noia, ás dúas, con Agra e Roig; ás tres na Puebla, ás catro e meia en Vilagarcía. Xúntase a nós Padín e Rey Lado. Saímos ás sete e chegamos á Pontevedra ás oito. Gran recibimento.

Primeira noite na Misión. No comedor poñemos as catro bandeiras (Noia, Vilagarcía, Vigo e Ourense) que ollamos con amor e orgulo ilimitados. O comedor é gratisimo: longa mesa impoluta, sillás de estudantes, pol-as paredes fotos de Stugart, Boloña e Zurich, e pol-as dúas xanelas que se abren ao xardín reconfortantes cheiros montesios. Sentimos que a nosa alma galega se debruza na Europa universitaria e inmortal.

Meu coarto: o leito, unha silla e máis nada. Dependuro no testeiro unha pequena bandeira azul e branca que vai sempre comigo. A estrela solitaria que trae bordada, semella tintilear na escuridade con palpitacións que me sobrecolen de responsabilidade.

20.—Son as nove e aínda andamos co Hilario á voltas pol-as cortes e cortellos. Teño a certeza de que ningún destes oito rapaces que veñen comigo, sentiu hastra oxe a ledicia

desta gran hora do vivir labrego. Saben acaso, os tropicós co-a literatura, do pracer con que o aldeán baixa na noite pra acomodar a facenda, pro endexamáis sentiron este arume da herba co enche todo, o tilintear de campaiñas no pescozo das becerras, o muxido nostáxico dos bois, e o bater isócrono dos cabalos, que petan na terra inquedos por saír á choutar corredoiras enriba.

Xa sabemos como se mantén o gando da Mistrón, como se cuida, as ganancias que pode dar, a utilidade que pode supor na economía do noso país. As cuartelas échense de notas.

Ceo estrelado, límpido, traslúcido de infínidos. Parrafein os grilos, ao lonxe. A soma do piorno recórtase no azul estrelecido com'unha catedral. Encheme unha serea paz alumiante de recordos. Gózase a hora labrega recendente de labrantíos e requente de bafos.

Fai trinta, corenta anos, cando os Becerras mouraban neste soberbo pazo de Malvar, todo canto había de millor en Pontevedra eiquí viña á pasár os saraos e á decorrer as longas horas da velada. Os Lousadas, os Muruais, os Pradas, os Núñez, os Calderóns, eiquí viñan nos seus coches acolchados de veludo, elas facendo roxer as sedes emperifolladas, eles encorsetados nos seus levitós romántecos. Cortinas de damasco, candieiros de prata, resposteiros, tapices, cadros antigos, e pol o xardín, baixo as ergueitas palmeiras eisótecas e os cedros centearios e os tulipaneiros, que oxe como nantronte están en frol, o rechouchío dos primeiros namoros e os ais desvaídos dos derradeiros adeuses. E agora os salós encheitos de libros, ficheiros, catálogos, probetas, tubos de ensaio, caixas de preparaciós, tabras de fórmulas. Recende a química e éu, que sempre sentín por esta cencia fondos desdés matizados de noxos, encomenzo á adicarlle as primeiras e máis cordiaes simpatías.

Os rapaces ruben ao comedor pra traballar nos seus diários. Eu aínda dou unhas voltas pol-o parque escoitando a melodía das fontes cristaiñas i-enchéndome de este brillo marfileño dos tulipaneiros que me inundan todo de luar.

21.—Mañán de visiteos: alcalde, gobernador, comandante de Mariña... Moita xente bultrase dos visiteos. Eu non, e agora menos. Os rapaces acostúmanse:

- 1.º a ser cortesés
- 2.º a ser respeituosos co-as autoridades
- 3.º a entrar sin medo nas habitaciós oficiaes.

(En Galiza, infelizmente, soio os caciques visitan ás autoridades, e o que non é cacique soio sinte tentazón de ver á unha autoridade coando é inxustamente perseguido, i-entón ten tal medo, que prefire que o aforquen denantes que ter tratos cun gobernador).

.....

O insiñe Blanco Porto eistende os brazos, abre as máns, sorrí e do coro sae un murmurio solermiño, que arrola i-embala. A POLIFÓNICA canta soiamente pra nós, un fato de rapaces! Ningún dos oito a oíra nunca, e nos seus ollos húmidos trenquelean as bágoas. Sinten como si nove séculos de histórea galega se lle métesen pol-os ouvidos, con vellas resoancias heróicas que soio adiviñaban. A cántiga de Alfonso Dez cisáltanos

á todos, e tres deleitosas canciós populares que o venerable P. Lois Fernández armonizou axudado dos anxos, fannos tremar emocionados.

Os grupos ULTREYA deben cantar tamén, pro (nós somos nós), deben cantar canciós xurdias, valentes, guerreiras. (Lémbrome da diferenza entre militar e guerreiro que establece Ortega Gasset). Pondal nos dixo:

Cántalle cantos ousados
que esforzado o peito fán.

- 22.—Que oito tipos diferentes e que oito belas espranzas! Roig, o meu discípulo millor, é calado, tristeiro de seu, pouco cordial, pro decátase de todo e de todo tira un ensino. Padín é un elegante snob, un rapaz que xoga ao tennis e ao bisbol, que tripula balandros, que ten unha yola; co tempo será un home de liña que imporá noso idioma á todol-os lectores cursis de Gil de Escolante, que levará o galego pol-os halls dos grandes hoteis e ás cobertas dos milllores trasatrántecos. Agra é o tipo de rapaz de casa fidalga, repousado, señoril, sin modernismos nin impresiós estranas, católico e sentimental como os anterros. Manuel Rey é inquieto, listo como un allo, rebuldeiro, e de unha simpatía estraordinaria; é tipo de axitador, de home capaz de revoltar ás xentes; Pablo Iglesias de neno con certeza era así. Rufo, pequeno, mirrado, delgadiño é o noso benxamin e, pol-o tanto, o máis querido; fuxe sempre, anda sempre á xogar, parez que non quere saber de nada e, namentras, é rapaz que sabe moito e que estuda moito; teño a impresión de que é o que orgaíza todal-as folgas do Liceo de Vigo. Remixio é o home bó por natureza, deses homes pra quenes a felicidade gárdase nunha pequena vila onde se pode camiñar ao sol, e xogar ao tresillo, e pasar as noites de inverno cos pés no braseiro, e educar dereitamente aos fillos, e mercariles melindres aos netos; nunca se incomoda, nunca rifa con ninguén, nunca protesta; é un home encantador co que se podería vivir toda a vida sin perigo de rifar. Un pouco deslabazado, descuidado no vestido, dá unha primeira impresión de home que non irá lonxe, mais á pouco se vé que é intelixente, apricado, de gran talento e dunha ecuanimidad e senso de ponderación admirables. Con vinte rapaces como este, é posibre trasformar a nosa pátre.

Os máis feitos son Astorga e Isla, dous rapaces que poden ser levados á cualquier parte. Ambos teñen unha cultura formidabile, ambos son primeiros e milllores alumnos dos respectivos Liceos, ambos serán cadeiradegos nun prazo de seis anos. Os dous son afervoados nazonalistas.

- 23.—Aproveitei o pasar pol-os Praceres pra entrar no colexio e darlle un bico á miña irmá. Como os obreiros están en folga xeral, en protesta contra a suspensión dos traballos no ferrocarril, o colexio está pechado como unha fortaleza. Ao-cabo consigo que abran. Unha freira francesa, revellada, serodia, bisbisea non sei que parvadas namentras a miña irmá non baixa ao recibidor: que si todol-os obreiros son anarquistas, que si a Hespaña está entregada ao comunismo e non sei cantas puerilidades máis. Pretendo xustificarlle esta folga e dígolle que oxe os nosos obreiros están loitando pol-a vida e a diñidade da Galiza. Non entende. Pra esta coitada freira, Galiza é unha pequena vila

que non ten por qué preocupar aos señores do goberno, ¿autonomismo? ¿rexionalismo? ¿nazionalismo? Estas son cousas dos comunistas. ¡E pensar que a educación das nosas irmás fáise nestes cerebros!

- 24.—Iglesias Vilarelle, co-a súa gramola, agasállanos cun gran concerto: TAMBOURIN de Rameau e O Cuco de Daquin, un CONCERTO de Tartini e un PRELUDIO de J. S. Bach, o minueto do D. JUAN de Mozart, unha MAZURCA de Chopin, A TROITA de Schubert e os coros de PETRUSKA de Stravinsky. Logo déixanos escoitar as inefables cántigas do mosteiro de Solesmes: o KYRIES, MEIA VITA (do segundo domingo de Septuaxésima), ASUMPTA EST, ADORO TE, GRANDE VIRGO MARIA, e un emocionante aleluia do século dez.

Noutro tempo, cando Galiza era libre, dou por certo que na vella catedral de Compostela se cantaba tamén así. Despois, perdida toda grandeza, viñemos á caer en maus de estes mestres de capela ñoños, sin espírito, nin gosto, nin cultura, que perparan unhas parodias de zarzuela que ninguén atura.

- 25.—Tiña ouvido falar moito da Scholania de Poio pro a verdade é que nunca puiden maxinar que chegase á tanta perfeición. Agora, escoitando estes diviños oficios de Viernes Santo, un decátase de que, efectivamente, na nosa Terra temos elementos de abondo pra facer o que nos pete. Duvido que en parte algunha se manteña a liturxia tan pura como eiquí e se canten os oficios con tan afervoadada emoción; os frades de Solesmes e de San Aselmo poden millorar a estes humildes mercedarios galegos, pro en toda a península non creio que poda haber quen os igoale. A PAIXÓN dialogada dixérona de maneira inimitable, a ADORACIÓN DA CRUZ (Improperios, Agios o Theos, etc.) cativounos á todos, e o PANGE LINGOA, semitoado na procesión, tivo calidades que parecen imposibres conquerir con voz de homes.

Eu confeso que na miña vida sentín un fervor parecido, e que de boa gana ficaría á vivir sempre nestes craustros con tal de escoitar salmodias como as que oxe tiven a gran sorte e o pracer imenso de ouvir.

Os rapaces seguiron os oficios co-a máisima atención e respeito saíndo fondamente emocionados, e nótese que algún deles non sinte o máis pequeno intrés pol-o catolicismo; a fé reviviu aínda no máis incrédulo pol-a arte e a piedade destes fradiños que, do xeito máis amable, saben chamar as almas e voltalas cara Deus.

- 26.—Aínda que fose soamente por ter encamiñado a Misión Biolóxica e iniciar unha auténtica politeca forestal, Don Daniel de la Sota meresce a gratitude eterna da nosa pátreas. Son centos e centos e milleiros e milleiros de árbores os que van sementados. Bastan estes viveiros de Figueirido pra repobrar boa parte da provincia.

Unha serán, nos tempos en que era máis combatido, topei á D. Daniel en Compostela. Falamos de vagar. Veleiquí unha das cousas que me dixo:

—«Eu xa estou pagado; eses árbores non se poden arrincar xa máis. E cando sexa vello, velliño, ninguén me impedirá rubir ao monte e sentarme á súa soma; aínda que estivese cego, conoceríalos pol-o fungar. E os árbores, roxe que roxe, lembrarianme moitas angurias pro tamén me voltarían á esta xuventude que agora sinto e que soio eles son capaces de renacer».

Nesta morna serán de Sábado de Gloria, acordéime moito de Don Daniel escoltando o rechouchio dos paxaros entre as ternas polas dos árbores pequeniños. E pensei pra min: ben pagado estás, mestre ilustre, que a gabanza destes rapaces que andan connigo val máis que todal-as babieçadas de catro sugatintas. Era de ouvir o que decían estes mozos vendo terras e terras e máis terras sementadas de piñeiros novos, ergueitos que daba xenio velos! Con visióis así, hai pra maxinar que Galiza pode trocarse da noite pra a mañá.

Que fondas tristuras nos prenden á todos! É a noite derradeira, a derradeira cea. Mañan nesta hora Deus sabe por onde andaremos todos. Voltaremos á xuntarnos algún día? Todos queremos falar pra espaventar tanto desacougo, todos queremos rir pra escorrentar este pesadelo que nos abafa, pro as verbas xélanse nos beizos o sorriso se nos desvai sin asomarse aos ollos. Mañán... E os rapaces óllanse largamente en adeuses fraternos nun pulo de amizade que acaso non sentiran nunca. De homes cada un seguirá o seu vieiro; unhos serán ricos, os outros probes, unhos ficarán á morrer na terra, outros andarán isolados por eses camiños fora, unhos e outros loitarán en politeca acaso fronte á fronte, pro eu teño a espranza de que estes días, esta semán ditosa, este intre cheo de infindas tenruras, non-o esquecerán, non poderán esquecerlo endexamáis. E por riba de todo manteráse a irmandá da raza, e por riba de todo latexará neles a sua conciencia de cidadáns galegos que á tanto obriga e tanta grorea dá.

Pasou a meia noite; é perciso deitarse. Adeus, unha vez máis. Unha noite, no campo da serra de Aracena, perto de Alajar, oía cantar unha copra que me feriu:

Dices que no son tristes las despedidas
dile á quien te lo diga que se despida.

Pro tamén escoitei na amada beiramar de Noia o remate dunha cántiga que aínda me dín máis na ialma:

Ven acá
que che quero dar a man,
que me quero despedir,
porque me marchó mañán.

Esta cántiga sóame agora no peito, rebule dentro de mín, arremuíñaseme na gorxa, e querendo sair, rexa e varil como un aturuxo mozo, méteseme dentro, tan dentro, que nin son capaz de repetila nin de eistender as mans na despedida. E incerto, trememente, afogado de salalós, vou debuzarme nesta gran xanela pol-a que toda a negrura da noite ven á envoltarme en somas.

27.—Fóronse xa os máis deles; alá van nas suas terras.

Chove torrencialmente, zóa o vento nos recantos, e os vellos cedros fungan carpídos gregoriáns.

Xantamos arrodeados de equipaxes, co impermeabe posto. Don Manuel o capataz consólase consolándonos e a Emilia, incapaz de enfiar unha dúcea de verbas oportunas, límpase as escondidas unhas vágoas, Chaliño Pardo véunos facer compañía e xanta con nós. Este rapaciño, de seu tan trauliteiro, oxe está como afundido, esmagado, aborrecido de si. A todos nos doe a tristura da separación.

Xa están os equipaxes no auto; son horas de partir. E de súpeto Galiza, a idea de que aínda temos de facer moito por ela, reanímamos. Temos de xuntarnos moitas veces —decímonos unhos á outros— lígannos lazos sagros que non poderán crebarse nunca. E os catro, co-a Emilia e D. Manuel que nos despide, cantamos rexamente:

Para tí, miña pátreas,
nos beizos un cantar;
nos peitos a ledicia
da nosa mocedad.

ALVARO DAS CASAS.

19 MARZAL.—O viaxe.

Pouco despois da unha da tarde saímos de Ourense no auto de liña pra a cidade do Lérez. Dinos adeus un grupo de ultreyas de Ourense e o Sr. Varela, dono dos coches, que nos fai o favor de levar de valde ao Astorga e máis á min, os dous rapaces ourensáns escollidos pra esta xeira. Isto de ter billete gratis de ida e volta é moita sorte e demostra a gran simpatía que merece a nosa orgaización.

Pasamos o magnífico ponte romano sobre o Miño e temos a primeira parada en Canedo, onde suben algúns viaxeiros.

Despois de un coarto de hora aburridos e sin ter nada que contar, chegamos á Barbantiño, donde entrou un obreiro dos despedidos pol-o llo do ferrocarril Zamora-Ourense, o que nos fixo gran parte do camiño ameno e distraído; era un obreiro que recorreu gran parte do mundo, como Francia, Bélxica, Alemania e América; era home de algunha cultura e máis que nada asimilaba moi ben o que leía; era un galeguista que crela con un optimismo sano no porvir dunha Galiza forte e brillante! Sempre entre parolas e parrafeos, falando dende polítega hastra literatura, dende Bugallal hastra Curros, chegamos á Carballiño, a vila do Arenteiro, pasando denantes pol as traballadoras e industriais vilas de Dacón e Masi-

de. Todo é verdor; todo é frorido. A estrada corre entre campos e piñeiros que alegran a vista. Os mozos que alborozados nas tabernas celebran a festa de algún Xosé, as moañas churrusqueiras que contestan alegres as palabras de galantería que lles dín ao oído os rapaces castigadores que campan co-as suas corbatas novas mercadas onte na vila, os mozos xogando ese xogo tan típicamente galego que se chama *a chave*, un fato de mozas e mozos bailando ao son dun acordeón..... todo é alegría e non parece sinón que o dolor e a tristura fuxiron destas terras.

Carballiño é unha bonita vila, con rúas moi limpas e casas brancas que teñen aspecto moi agradabre. Eiquí estivemos un pouco de tempo e tomamos unha gaseosa, que por certo nos cobraron moi cara; despois subimos outra vez ao auto e partimos pra Pontevedra. O paisaxe é moi agreste. Pronto comenzamos á subir a costa do Paraño, entre terreos de pizarra desprovistos de toda vexetación, pois eiquí non se collen máis que algunhas patacas e moi pouco centeo; e as casas que se ven dan impresión de vida probe. Vimos tamén as antigas minas explotadas denantes, según nos dixo o obreiro, por un rico terrateniente chamado señor Merelles, ao parecer con pouco éxito. É imponente ver estes montes pelados que parez que queren tragar aos camiñantes que atre-

vidos desafian á este mostruo do Paraño. Vense alá no fondo unhas chavolas xuntas arredor dun campanario, como si semellaran os pitíños que buscan amparo na nai contra o gavián que quere devoralos. Todo dá unha sensación de cousa grande, sobrenatural, que espanta e infunde medo; hastra parez que o mesmo ceo infunde pánico, pois o sol craro e brillante que tiñamos en Ourense desapareceu, e o ceo está encapotado e turbio.

Comenzamos á baixar e chegamos á un lugar que se chama Hermida. Dende aquí hastra Pontevedra todo é moi bonito, e gústanos moito, dándonos gran emoción un home que cruzamos na estrada vestido con traxe dos antigos galegos. Volve a alegría e o humor; non parece sinon que o mostruo do Paraño non deixa que ao seu lado se divirta naide.

Chegamos á Soutelo de Montes, célebre pol-os seus gaiteros. Báixase o obreiro e despedimolo con moito sentimento. Suben unhos mozos que non fan máis que cantar e alegránnos moito, e fan que cheguemos á Pontevedra tan entretidos que nin nos damos conta.

Pontevedra! A cidade que viu nacer no seu seo á homes tan grandes como Méndez Núñez, os irmáns Nodales, o pirata Soto, Don Payo Gómez de Sotomaior e outros moitos que non recordo neste momento.

Están esperándonos moitos ultreyas co señor Filgueira Valverde que é un gran entusiasta; basta dicir que sendo o seu santo, deixouno todo por vir xunto á nós. É un señor alto, con gafas de ouro. Na primeira ollada parez un señor serio e moi severo, pro vese en seguida que é o contrario: moi cariñoso cos rapaces, de gran corazón, moi fino e moi listo! Viste co-a despreocupación dos homes adicados ao estudio. Escribiu moitos libros, todos eles moi apreciados; é auxiliar do Instituto e secretario do Patronato do Museo. Vese logo que é moi católico e fervoroso. Á min paréceme un home do século dezanove adaptado ao século actual.

Leváronnos ao local de *Labor Gallega* onde nos presentan ao señor Iglesias Vilarelle, que é home que ispira de seguida unha fonda simpatía. Móstranos a preciosa ban-

deira dos ultreyas de Pontevedra, e logo lévannos á dar un paseo pol-a cidade. Sinto unha gran sorpresa: eu coidaba que esta cidade era triste e aburrida, e vexo que é moi grande, alegre e animadísima.

Despois fumos á estación pra esperar aos compañeiros que veñen de Noia e Vilagarcía, Miguel Roix Lestón e Alexandre Agra Cadarso e Manoel Rei Lado e Carlos R. Padín, estes dous de Vilagarcía. Con eles ven noso xefe o fundador dos ultreyas D. Alvaro de las Casas. Eu á este señor tampouco o conoecía; vírao en Ourense cando veu Calvo Sotelo, dando paus e dirixindo todo. Xa entón me pareceu un gran home de acción. Escrebiu tamén moitos libros, algún dos cuales teño leído, como un que se titula *Dos días en Orense* e que me gustou moitísimo. D. Alvaro é baixo, gordo, sano, alegre, e sempre de bó humor; é moi dicaracheiro e na primeira ollada faisenos simpatiquísimo. Ofrece un vivo contraste co señor Filgueira Valverde; D. Alvaro é gordo e baixo, e o outro alto e delgado; aquél é home de izquierdas e éste de dereitas; aquél é de unha alegría espontánea e rebuldeira, e éste de alegría reposada e silenzosa, e sin embargo son íntimos amigos, acaso porque se completan moi ben. D. Alvaro paréceme, na vida e na literatura, un romántico.

Volvemos á *Labor Gallega*, xa todos xuntos, e desempaquetamos nosas bandeiras. Todas son iguais —azul e branco, a bandeira nacional— pro distínguense en que a de Noia traí en xefe unha alfa, a de Vilagarcía unha estrela, a de Vigo unha ponla de loureiro e a nosa un león rampante. A de Pontevedra ten unha vieira. Nós puxemos este león bermello porque é o antigo escudo da nosa cidade, que aínda se conserva en varias casas que foron do Concello.

Xa de noite saímos pra a nosa morada, onde pasaremos unha semán. Os equipaxes van todos xuntos nun auto, levados pol-o camarada Carpintero que é un gran rapaz. Nós imos á pé acompañados pol-os señores Filgueira e Iglesias Vilarelle e moitos ultreyas pontevedreses. O camiño, de noite, échenos de romanticismo. Na saída da cidade cruzámonos con dous señores que nos saúdan moi agarimosos; son o gran D. Daniel

de la Sota e o Conde de Oleiros. Logo seguimos, cantando, con toda a forza da nosa voz, o precioso alalá de Finisterre cunha letra que lle puxo D. Alvaro. Vóuna copiar:

Brancas neves na montana
brancas escumas no mar,
branca arela miña pátria,
esta arela de cantar.

Ledas as ondas na ría,
ledas as froles no val,
ledo ensoño miña pátria
este ensoño de te amar.

Rexos penedos no monte,
rexas proas pol-o mar,
rexa e forte miña pátria,
esta arela de cantar.

Si rapaces vinde todos,
imos todos á ruar;
na noite rompeu a lúa
¡Ai, irmáns, qué gloria dá!

Chegamos á *Misión Biolóxica*, que é un palacio magnífico. No despacho do director despidense os pontevedreses e quedamos nós, os forasteiros, que subimos a tomar posesión das habitacións. En cada unha durmíran dous; a nosa —onde viviremos Astorga e máis eu, que somos os dous de Ourense— é grande, limpisima, cunha ampla ventana

ao xardín, con dúas camas cómodas e sencillas. Colocamos os maletís, imos á lavarnos ao coarto de baño, e vamos ao comedor pra cear.

Sentamos á D. Alvaro na presidencia da mesa e colocámonos todos en redor. A cea é succulenta e parece de hotel, pro, non sei por qué, todos estamos calados; fáltanos a cordialidade necesaria. Non estrana porque ao fin vémonos todos por primeira vez e non temos confianza. D. Alvaro preguntáunos si queremos que se fale en galego ou en castelán, e todos acordamos que o noso idioma oficial sexa o galego. Esta unánime afirmación parece que rompe o silencio e nos xunta á todos como irmáns.

Enviámos a todos os grupos Ultreyas un mensaxe que di:

«—Por vez primeira xúntanse as bandei-ras de catro liñas representadas por oito mozos que, nun convivio fraterno, imos á estudar difrentes aspectos da Terra e á ensoñar, encheitos de inquedantes arelas, un porvir que con toda a alma cobizamos.

En todos vós pensamos, compañeiros que andades espallados dende Ortegal ao Miño, enviándovos unha forte, moi forte, aperta de irmandade. Pontevedra, 19 marzal 1932».

Distribúese o traballo pra mañán. Eu teño un sono que me caio e logo que rematamos de cear, deixo o comedor e vóume deitar.

Estou canso e péchanse os ollos.

REMIXIO GONZÁLEZ GÁNDARA

DIA VINTE.—A xeira.

ESTOU de xefe de día. Levántome ás sete e vou despertando á todos, empezando por Miguel Roix, meu compañeiro de coarto porque somos os dous que viñemos de Noia. O Roix dorme como unha pedra e non hai quen o faga levantarse. Cando todos están listos desperto á D. Alvaro e antes das oito xa estamos todos no xardín e poñémonos á facer ximnasia. Flecsiós, saltos, carreiras... D. Alvaro dinos que o termómetro marca sete grados. Todos gozamos moito nesta ximnasia que é cousa moi salubre.

Desayunamos, na cocíña, un gran tazón de chocolate.

Ven á buscarnos o señor Filgueira e ás dez saímos pra Pontevedra. Na ermita da Virxen do Camiño están esperándonos Ferreríos, Torres Caplane, Carpintero e outros ultreyas. Como é domingo de Ramos pasan moitos nenos con ramos de laurel e palmas. Temos a mañán libre, despedímonos e eu vóume á misa.

Pontevedra gústame moitísimo. Os compañeiros de aquí lévanme por todas as rúas, enséñanme todo, e quedo encantado dos preciosos monumentos que se ven, das antigas igrexias, e dos arredores que se divisan. Imos ao paseo na Alameda, e á unha praza moi típica que se chama a *Ferrería*, onde se vé unha fonte de pedra antiquísima.

Os compañeiros de eiquí son simpatiquísimos. Chámame a atención Adolfo Torres Caplane que é un rapaz que fala correctamente galego, francés e castelán. Viste moi elegante, e nos seus labios a lingua da nosa querida terra parez efectivamente un idioma europeo.

Estamos citados á unha frente á Peregrina e regresamos todos xuntos á *Misión Biológica*. Fai moitísimo calor, temos moito apetito e o camiño parece dobre longo que onte. Chegamos unha hora despois. Xantamos ao aire libre, no xardín, debaixo dunhos árbores grandes e centenários. Xantamos moi ben, pois a señora Emilia é unha cocifeira estupenda. Todos acordamos non beber viño nin falta que fai, pois a auga desta fonte é das máis ricas e frías que teño bebido na miña vida.

Despois de xantar, servíndonos a mesma mesa de escritorio, poñémonos á traballar nos diarios.

Pasadas as tres e media veñen moitos ultreyas de Pontevedra; veñen tamén moitos galeguistas e moitos simpatizantes coa nosa obra. Chámame moito a atención o señor Huesa, un dos nacionalistas galegos máis entusiastas e traballadores, que é de Jaén; este señor é simpatiquísimo e fáinos moitas fotos, sempre xunto á unha bandeira de ultreya. Por unanimidad escóllese a de Noia (nós somos con D. Alvaro os fundadores) e esto énchenos de orgulo.

Outro señor simpatiquísimo, de gran cultura, e de un galeguismo apasionado é don Claudio Losada, médico. Todos os nosos compañeiros de Pontevedra quérenos moito e parece natural, pois tanto él como o señor Filgueira e o Sr. Iglesias Vilarelle, son a alma do grupo pontevedrés.

De noitiña vanse todos. Nós aproveitamos o tempo pra ir con Hilario á ver as cuadras.

Hilario é o encargado da facenda e parece que sabe moito do gando. Dínos que na *Misión* hai 63 cerdos, unhos importados do extranxeiro e outros nacidos eiquí; os importados son seis (catro femias e dous machos). Dáxelles de comer tres veces ao día (ás sete e media, ás once e media e ás seis) e pésase a comida con moito cuidado, pra saber o que gastan e o que producen. Vemos tamén a cuadra dos bois (na *Misión* non hai vacas), e chámamos a atención o touro que é moi fiero e ten que estar sempre suxeto cunha cadea; é un eixemprar valiosísimo.

Cando saímos de ver o gando son máis das nove. A noite é tan soave que parece de agosto. Vamos ao comedor á traballar nos diarios.

Despois das dez ceamos. No xantar don Alvaro exprícanos a historia da *Misión* e a historia deste precioso pazo que foi do arzobispo Malvar, que se chama de Salcedo, e que supuxo, na vida adourada de Pontevedra do século XIX, unha das páxinas máis brillantes. Nos últimos tempos esta finca riquísima foi da nobre familia dos Becerras.

Despois de cear continuámos traballando nos diarios hastra a media noite en que nos deitamos.

Cando xa estou á medio dormir escoito unhos lamentos terribles e unhos berros que dan medo. Desperto á Roix e os dous pasamos moito susto. Resulta que pol-o corredor andan Manoel Rey e Padín pra ver si asustan aos de Vigo. Xúntome á eles e os tres entramos no cuarto dos de Vigo. Rufo está desperto e rise moito pro á Isla Couto non hai quen o faga despertar.

Como é moi tarde deixámonos de bromas e imonos deitar. Eu teño moito sono; xa diu a unha.

ALEXANDRE AGRA CADARSO.

(Continuaráse)



D A A L E M A Ñ A

IV. MUSEUS DE BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(Proseguimento)

Estamos eiquí no cristianismo oriental e na cultura mágica. Ademira e conforta o acharmos as nosas mesmas representacións religiosas en homes d'unh'alma tan distante da nosa, d'un outro mundo com'aquil, e atopamos a confirmanza de qu'a nosa fé voa por riba das fronteiras e das culturas... Ora, é iste o efecto qu'a República Socialista Soviética de Georgia se propuña facer co esta exposición?




Ruminuras de Georgia

Alínda vín outra de semellante orixe n-istemesmo Museu: a de cousas dos pobos de Siberia e Europa boreal: lapós, ostiakos, samoyedos, yakutes, buriates, tchutchis, mongols, soyotos, ainos. A cultura hiperbórea, con traballos en pel, en óso, en madeira, en metal. Preciosismos vestidos e tapices de peles de coores combinados facendo mosaico; vestidos e pandeiros dos chamans, que toquei con certo res-

peito. Son vestidos con moitos flecos, con adornos simbólicos de metal no peito. Un d'iles ten no peito tres cisnes de metal estilizados, que confirman a teoría do cisne nórdico das cerámicas prehistóricas e de Lohengrin.

Dos lapós, hai tapices de pel, tiras tecidas e bordadas con motivos de picos e losangos e abalorios, cestas, traballos en óso, unhas taboñas en óso que semellan calendarios

rúnicos, placas de bronce caladas. Dos samoyedos, traxes e botas de pel moi fermosas, cachimbas de metal e un brazaletes d'ouro semellante aos europeos prehistóricos. Dos ostiakos, un deus feito d'un cabaco de madeira no qu'aparecían apenas os ollos e o naris, táboas con estranas gravuras, bonecas. Dos pobos do Amúr, tallas en madeira e óso semellantes ás europeas magdalenenses n-algús detalles, outras veces con



Cachimbas tchutchis (Exposición d'arte siberiano)

ornamentación laberíntica, animais de pau, un idolo que é un porco recortado en madeira e preciosos vestidos chinescos de pel sen pelo. A arte en metal é millor nos yakutes, dos qu'había unha linda e compricada cadea de ferro e cruces peitorais semellantes ás procesionais góticas, un torques aplastado, sorte de lúnula moi estreita, cabezadas con placas de metal, peites d'óso semellantes aos litúrgicos medievais, e un tapiz e algús

vestidos feitos con anacos de trapos de coores n-un motivo de losangos e bordados



Traballos en óso do Amur (Exposición d'arte siberián)

d'abalorios e placas de metal; e nos buriates, cujos traballos en filigrana con turquesas e



Placa de bronce calado dos Lapóns (Exposición d'arte siberián)



Brazalete samoyedo d'ouro, e brazalete alto (Exposición d'arte, siberián)



coral e os arreos de cabalos con placas metálicas son moi lindos, e por certo algo imitantes aos atalaxes de Melide.

N-un adubío de chamán tungús, volvo ato-

par unha sorte de lúnulas. Teñen pandeiros com'os dos chamans yakutes, que son enormes e con pel pol'os dous lados. Coido qu'istes pandeiros son un trebello d'espiritismo moito máis eficaz qu'as mesiñas de tres pés. Non colle na cabeza qu'o trono d'istes pandeiros non vaia espertar aos espíritos máis adormentados do outro mundo, e traballo ha costar qu'un non remate por se volver pantasma á poder de tocar e d'ouvir istos pandeiros. Habíatamén vestidos, botas e zapatos dos tungús, todos de pel.

Logo os lindos vestidos mongoles, de seda e terciopelo, estilo chinesco, as caixas pintadas, e os omóplatos con incisiós; os traballos en marfín, cachimbas, animalifios, e o tapiz de pel con catro renos, dos tchuchis; a preciosa caixa de marfín calado, trineu de xoguete, bonecas, rosarios budhistas e coitelos dos soyotes.

Os ainos amosan unha arte japonizante. Vese ben eiquí a cultura primitiva, boreal, da que xurdiu unha cultura superior, e com'esta s'arreda d'aquela, anque non de todo. Os traballos en óso, os brazaletes de metal, o puñal d'óso e laca, a espada japonesa típeca, os vestidos estilo chinesco de tecido groso, a guitarra, as pipas, os cestos de palla espiral, son de moito intrín.

Despoixas, resulta que todo o demáis do Museum für Völkerkunde II, está adicado case escrusivamente á India, China e Xapón. De maneira que alí esculturas, pinturas, artes menores, mobiliario, manuscritos con iluminuras, kakemonos, deuses, cerámicas, repítense unha síla após da outra, ata faguer



Estanta china antiga


imposíbele a descripción. É a invasión do Oriente.

ALTES MUSEUM

Cada un vai, cando pode, de cote en precara d'aquello que millor acai co-as suas preferenzas e curiosidades. Cada un leva os seus motivos de curiosidade. Coma nos Museus que non eran da miña especialidade, eu non levaba obriga ningunha, nen xiqueira d'entrar n-iles, era libre, e podíame guiar da miña liberdade, do meu bon prazer.

Por iso, do Altos Museum, somentes vou falar eiquí das coleccións egipcias.

Non son egiptólogo, en ningún senso. Hai algún senso, relativamente importante, no que son máis indianista qu'egiptólogo. Toda



Gravuras incisas en madeira dos ostiafos (Exposición d'arte siberiano)

a miña vida heina pasar co-a cisma do pensamento indo, e co-a admiración por aquela cultura. Non embargante, recoñezo qu'a grandeza do Egipto imponse d'un geito asoballante por riba de todol-os pobos do mundo; aquilo foi algo meirande que todo; aquilo non s'asemella á ningunha outra cousa, e ningunha outra se lle chega á asemellar; o seu rubro de personalidade, d'unicidade, e coma ningún outro e ningunha outra arte, ningunha outra cultura, logra dar unha impresión parella de recuamento, de suma inacabábele de milleiros d'anos.

Abaixo, estamos no Egipto clásico, no Tempelhof, no Amarnahof, na sala dos sarcófagos e nas qu'arrodéan. Iste é o Egipto máis visto e máis coñecido. No Egipto danse os dous cabos da riola: a escultura colosal e a escultura miuda, a extrema forza e a

estrema delicadeza, o efeitismo das grandes masas e o minucioso tratamento do detallíño. Vou lembrar algunhas cousas:

Na sala VIII hai cousas do Egipto prehistórico, qu'agora encomenza á ser revelado e que, dand'os eolitos de Thebas, era já a protoforma perfecta do Egipto clásico, coma proban os animais de pederneira, as puntas de flecha e os coitelos neolíticos qu'eiquí vemos. Endejamás houbo unha continuidade tan crara. Ademirei os amuletos en figura de testa de touro, de fronte, cheos d'espresión e de misteiro, geométricos e así é todo viventes, estilizados e así é todo naturalistas. Logo hai unhas taboetiñas pequenas de marfín e madeira, que din servían pra marcar a data de certos acontecementos e pra indicaren o contido d'arcas ou recipientes, mais qu'a min fanme sospeitar moitas cousas.

O Amarnahof é moi importante. Contén os achádegos feitos pol-os alemás nas escavacións de Tell el-Amarna, antiga cibdade de Khutaten, fundada pol-o reformador religioso Khuenaten ou Amenophis IV, e feitas baixo a dirección de L. Borchardt, de 1907 a 1914. Os carneiros e leós solares, os babinos mercurianos e todal-as outras cousas están moi ben; mais eiquí, aos alemás o que lles importa, é o maravilloso busto policromado da raíña Nefertete, muller d'Amenophis IV.

Endejamás conseguen a tan cacarexada, loubada e ergueita deica as nubes arte grega realizar unha testa humán com'a da raíña Nefertete. Somentes vëndoa, pódese enxerguer a suma finura, a delicadísima beleza, a chea vida, a poderosa espiritualidade, a pureza, a verdade, o idealismo de tal figura.

O seu engado conquireu de tal geito aos alemás, qu'en todos lados venden fotografías de todol-os grandores, en coor ou en negro da gentil raíña, de sorte que semella qu'o Señorío da Germania non-o ten nen Hindenburg, nen Brüning, nen o ex-Kaiser, nen o ex-Kronprinz, nen Hitler, senon qu'a verdadeira señora é Nefertete.

Ja non está en Berlín. Dixéronme qu'o Goberno egipcio recramouna, e houbo que volverlla. Isto se é que realmente estivo na Amarnasaal o original verdadeiro, e non

unha reprodución. Eu estiven vendo facer unha exacta, e n'estas cousas, seica non hai que fiar moito dos alemás. De calquera xeito, a impresión de beleza impresionante fica sempre.

E non é que na parte d'abaixo s'esgotaran as maravillas. Eiquí está, coma dixeran, o Egipto máis universalmente coñecido, o Egipto clásico, qu'anda já ata nas novelas e nas enciclopedias, e qu'está na man de calquera o velo, anque non, crar'está, o comprendelo.


Máis que enriba, no primeiro andar, agárdannos novas solpresas no Egipto decadente. Estamos no Egipto da nosa Era: séculos II, III e IV despois de Jesucristo. Asombra ver canto tempo durou a agunia d'aquela cultura. Veleiquí todol-os deuses misturados: a esfínxe colle o seu feito clásico de muller-león co claf na testa, com'a reproducira Gustave Doré; Anubis é Mercurio; Isis é Afrodita; aparece Horus vestido á moda romana, e Harpócrates neno, helenizado de todo, aínda non deixa de facer o signo do esoterismo, d'impór silencio co dedo diante dos beizos. Tantas cousas había que calar! A cultura mágica vai recollendo anacos perdidos do saber egipcio, vai enfiando restos mutilados e criando a luz nova á alumear baixo da cúpula.

E máis veleiquí unha figura d'arripiante emblematismo, un dos símbolos máis fondos e máis tremendos que se poden presentar diante d'un home que teña sensibilidade. Está sinalado co número 20.840. É un deus co-as testas de todol-os deuses sob'un corpo de león, que bate c'un duplo machado n-un estrangeiro. É do ano 200 de J. C. Unha leenda espricativa di que representa ao Egipto moribundo, que tiña qu'ajuntar todal-as forzas pra se defender do desfiguramento e da morte. Diviño símbolo, santo amuleto, idolo subríme da y-alma heroica d'un gran pobo criador que se non rinde, que non cede, que se recolle n-un derradeiro esforzo. É algo que chega ao corazón. Aquelo todo pasou: as legións, os procónsules, as áreas do deserto, os alárabes, os turcos, os ingleses, a ignorancia e a sequía pasaron por riba das ruínas esnaquizadas do Imperio dos Faraós e por riba da sua lem-

branza, e aínda, ao cabo de 1700 anos, osténtase eiquí, no seio d'unha civilización imensamente diversa, feroz, nemiga de todal-as demáis, esta desesprada protesta do espírito.

Ben: eiquí hai cousas dinas todas do noso respeito: amuletos e dados, imaxes de Bes, o sistro isíaco, papyros egipcios e gregos, algúns cristiaos, un d'iles co Evangeo aseguá San Johan. Mais imos ao máis impresionante artisticamente.

E isto son as testas d'estautas-retratos d'esta época baixa, cos seus ollos pintados, que lles dan unha vida máis vivente qu'a das persoas vivas. Hai unha sinalada co número 12.432: unha muller fermosa, un pouco judaica, soave, fina, d'enormes ollos. Semella de carne, e de fixo non cede diante do busto de



Gacelas de René Sintenis (Exposición d'animalistas do Altes Museum)

Nefertete. É unha cousa que fai un efecto tremendo; en realidade, é cousa do outro mundo, e diante d'ela, síntese a friaxe astral.

Logo, os soberbios retratos pintados en táboa c'unha técnica que semella de hoxe. Hai unha vella inteiramente de Cezanne. Hai un home de barba (31.161-3) que é talmente un Greco. Esta arte chea d'espírito, arte d'ultratumba, remata por facer mal á un. Compre marchar.

Rubín, na miña primeira visita, ao segundo andar, e atopeime n-un mundo inteiramente difrente. Había unha exposición d'animalistas. Salas e salas e salas cheas de deseños d'animais, de todol-os tempos e de todal-as escolas e de todol-os estilos. Crar'está que había cousas dos pintores románti-

cos e dos realistas, moi fermosas, mais o qu'acontez é que raramente estas cousas se lle quedan á un na cabeza n-unha soia visita. En troques, as cousas dos pintores novos, cecais pol-a sua rareza, lembranse máis.

Por eixemplo, lembro as vacas d'Ewald Mataré, os gatos de Schmidt-Rottluff, a hiena de Rudolph, o tristismo, lamentábele



(Exposición
d'animalistas
do Altes Museum)

Tigre de Franz
Marc



Cabra de Seewald

probe cabalo de Pankok, o tigre de Franz Marc, os porcos de Crodel, os cervos e antílopes de Renée Sinteris, a cabra de Seewald.

E vindo do Egipto, caín de cheo na arte nova.

SAMMLUNG FÜR DEUTSCHE VOLKSKUNDE

Era o meu paradeiro ás mañás. Ali foi onde topei as mulleres máis fermosas de Berlín. N-efeito, hai moitos, moitos maniquís con testa e mans de cera, exhibindo os traxes populares alemás. E hai ali fermosas cabezas de muller. Hai sobretudo unha rapaza bávara d'un engado conmovedor: en-dejamáis s'houvera dito con máis acerto, aquilo de: «Se pestanexara!» O que fica n-un da y-alma case desaparecida de Des Esseintes e do duque de Freneuse, eisáltase

co-estas cousas. S'un fora rapaz, era cousa de se namorar do misteiro, estrano canto inocente e puro dos gacios ollos de vidro e da levián transparencia rosa da carne de cera d'esta muller de Museu, que pode conservar no seu aspecto cáxeque vivente unha cáxequ'eterna mocidade, allea á quen a contempra.

Tres mulleres hai nos museos de Berlín: a raíña, Nefertete, e o busto egipcio 12.432 do Altes Museum, e esta rapaza bávara, a máis fermosa e a máis nosa das tres. E hai que ter mau co-as mulleres de Museu; quen sabe qu'enmeigamento poden deixar n-un! Porqu'ademáis, a arte é a forma máis tremendamente poderosa da magia.

Isto está istalado n'un caserón vello e tristeiro, con pouca luz; por sol que faga, eiquí, traballo lle custa entrar. Unha luz crebada fai brilar as ricas tallas dos almaris e dos arcós barrocos, rexos mobles populares germánicos de casa forte. A vida labrega alemáa, ollada n-iste museo, nas habitacións, todas ben alaxadas e confortábeles das difrentes comarcas qu'eiquí aparecen reproducidas de geito natural, dá idea d'unha folgura, d'unha fartura que non estamos afeitos á ver na nosa terra. Craramente óllase qu'escoleron eixemprares de casas ben acomodadas, mais así e todo, nótase ben o dito. E hai ademáis certo contraste antr'o luxo das casas e da vestimenta, co primitivismo de moitos istrumentos e trebellos, coma os mallos rígidos, os muíños de man e outros moitos.

A arte popular alemáa é de todol-os geitos rica e variada. Afastadamente da imitanza dos estilos cibladans, nos que hai tamén creaciós moi orixinais, ten inventiva de seu pra moitas pequenas cousas d'usanza e d'ornamento. Así, a carón da talla barroca ou rococó dos mobles e alaxes, hai as tallas geométricas ben populares en madeira, con motivos semellantes aos dos nosos xugos dos bois.

Nótase a inventiva e o genio eisagerado dos alemás, de que já falei co gallo das esculturas medievás do Museu de Bonn, na interpretación das formas da natureza en figuras estilizadas, coma nos ex-votos de ferro do San Leonardo de Bavaria, antre os que

hai vacas de feitío moi raro, unha d'elas cos cornos d'un inmenso desenrolo, figuríña qu'o Dr. Bramm, amostrándoma, calificaba d'expresionista. En realidade, vése qu'eiquí o expresionismo é cousa racial. Expresionistas son tamén puramente as carautas de pau con rémeras faces de diaños, da máis tola pantesía, e liberdade.

Unha gran riqueza en moblage pintado, en peinetas de corno e de metal, en fermosismos e perfeitos bordados d'un gusto outamente decorativo, compicado, pacenciudo, coorista. Dan impresión d'unha gente que se ha resistir canto poida á perdel-o pintoresco, d'unha imaginación barroca, retorta e teimosa. Eu cáxeque chego á coller, no es-



Cabalo de Panhok (Exposición d'animalistas do Altos Museum)

prito d'estas cousas, a intuición do que pode vir facer a y-alma rural, protoplasma e protoforma á un tempo de toda cultura, entregue á si mesma.

Toda a maneira da arte moderna está tamén nas imaxes pintadas por atrás d'un cristal, somentes qu'estas obras populares son honradas, e as da arte moderna figúranse que o son, incoscentes—non sempre—da sua propia mintira.

Non hei describir por miúdo as preciosas maquetas de casas, as ferramentas, os jugos de bois, as rateiras, os xoguets, os candís, candieiros, amuletos, os chismes pr'alcendel-o lume, os ovos de Páscoa, os modelos de formas de pau e de dulces, os aparellos d'adeviñación, os Nacementos, os regalos de

boda, as lanternas d'eireja, as croas de mortos, os paxaros pendurados, as rocas e fusos, e as trescentas mil cachifalladas que ten qu'haber n-un museu d'esta caste, pra que repersente por inteiro a vida toda d'un país. E non é somentes a vida toda d'unha terra á un tempo tan unha e tan varia coma é a terra do Reich, senón que hai material de comparanza d'outros moitos lados, coma por eixemplo, figas e amuletos portugueses.

Mais non deixarei pasar as cartas d'amor, recortadas en figura de frol da que cada folla é un curazón que leva uns versos escritos, e pintadas de ledas coores; algunhas teñen moito chiste. Tamén hai cartas que caíron do ceo, cheas d'adevertencias pra arrepentimento dos pecadores. Unha d'elas encomenza aconsellando que non traballen nos domingos.

O moito que teño que dicir d'iste Museu onde tantas horas botéi contemplando, deseñando e tirando notas, é propio d'outros traballos. Igualmente, as miñas consideracións en col da esencia do popular, da sua difrenza co erudito, das relacións antr'istes dous ordes de creación human; a diferenciación antr'o popular e o canalla, por unha banda, e pol-a outra antr'o popular que fai o pobo e o pseudo-popular que se fai pra o pobo, con ánimo d'educalo, ou seña d'embrutecelo, que ven ser unha cousa semellante á difrenza antr'os jogos qu'inventan os nenos, e os jogos qu'os pedagogos inventan pra os nenos, naturalmente, pra embruteceren aos nenos, a difrenza antr'o popular e o democrático, que ven ser a que vai antr'a verdadeira democracia—que por algo non leva iste nome erudito—criada pol-o pobo, e a que pra jeringalo inventan pra il os ideólogos; a demostración da impopularidade radical de todol-os credos populacheiros; o estudo do rol social das élites, da necesidade de qu'estas estean en íntimo contacto co-a tradición popular, o seu fracaso e o moito mal que fan cando s'arredan d'ela, coma no caso das invencións que chaman democráticas; o concepto dos lindeiros indispensábeles de toda acción política, social ou económica que queira trunfar e faguer un verdadeiro beneficio aos pobos, e outras moitismas cousas máis que veñen ás mentes

en presenza das creacións enxebres de calquera terra, tampouco se poden pór eiquí, coma non quixera un facer d'iste traballo a suma de todol os traballos qu'un pensa facer.

Non embargante, bó é que poñamos eiquí iste índice ideolóxico pra, s'un non ten tempo de concruir tanta cousa na súa vida, e s'iste traballo chega á cair nas maus d'alguén que seña capás de facer o qu'un non fixo, que non se perdan de todo esas ocorrencias, no que teñan de bó.

ZOOLOGISCHER GARTEN

Atal é o insatisfeito natural do home—condición necesaria do progreso indefinido, asegún moitos distintos señores profesores d'istrución primaria— que de cote apetez o que non ten. Non sabemos ben de certo cales son as apetencias íntimas do home natural, que Deus tirou do trollo da terra, o fillo do humus; o que é seguro é qu'o home artificial da grande urbe, o fillo do asfalto, apetez a *Jungle*.

N-isto, eu, home aínda achegado á terra, son com'os perurbaizados. Precuro a *Jungle* así seña n un barracón de feira.

Teñen sona os parques zoológicos alemás. O millor seica foi o d'Hamburgo, que se desfixo cando foi da guerra, e d'il xurdiron moitos circos e menageries ambulantes. Hoxe din qu'o millor é o de Leipzig. Eu terei-me que conformar co de Berlin.


Do mesmo xeito qu'o Tiergarten é a floresta germánica convertida en servizo municipal, o Zoo é a *Jungle* civilizada, que cada especie ou grupo d'especies de categoría, ten o seu pazo: os alifantes, un pazo que é unha pagoda inda d'arquitecto berlinés, de certo efecto cos seus tellados voadizos e as súas cúpulas, cand'un non arrepara en detalles; os macacos outro edifizio d'un orientalismo indeciso, con cúpulas de cebola; os paxaros zancudos; os bisontes, un pazo canadense de pau; os dromedarios, unha casa árabe; as avestruces, un templo egipcio, etc.

En fin qu'eiquí a *Jungle* está moito máis civilizada que na y-Arca de Noé. A y-Arca de Noé era un achego cand'outro non quedaba no mundo, e as bestas—que de cote

obedecen a voz do ceo d'un geito natural, sen liberdade e pol-o tanto sen violencia—viñan á ela executando un mandado. O Zoo é a escravitude, a cadea imposta pol-a forza, o'qual é, coma se sabe, o cúmulo da civilización.

Tan civilizado está isto, que hai unha chea de tendiñas pequenas onde venden cousas pra lle dar aos monos, pra lle dar aos alifantes, aos paxaros e á toda a demáis poboación do Zoo. Lambiscadas, craramente, que non son a mantenza natural d'estas bestas, amansadas se cadra de seren mantidas com'os cristiaos.

Os alifantes andan n-uns eixidos arrodeados de reixa de ferro e fosos, com'unha for-



Alifante indo e alifante africán, do Zoo

taleza. Hai un que seica ten mala idea, porque prendido nos ferros hai un letreiro que di: «*Vorsicht. Sehr böse!*» (Ollo, moi ruin). E a gente non s'achega. Hai unha femia d'alifante indo, co seu pequeno e lindo alifantiño a carón. Hai dous alifantes africanos orelludos e flacos, un d'iles enano, procedente do Congo, quen sabe se parente dos pobos pigmeus da África Central. Porque non hai dúbida de que hai semellanza d'estilo antr'as

razas autóctonas, a fauna e a flora das suas terras d'orige, sen prejudicar nada d'esprica-deira centifeconatural. O estilo é unha cousa máis fonda qu'iso todo, e asina coma hai estilos nas obras dos homes, tamén a natureza ten estilos difrentes.

Ven logo a caste sen cabo dos rilladores ou roedores. D'unha banda están os d'auga; e da outra os da terra. Antr'os primeiros (*pacas, agutís*, etc.) e antr'os segundos tamén, hai unha chea d'especies raras da América, estranos tipos, fauna da Atlántida. Lebres, coellos, coellos d'India, marmotas, musarañas; ardillas hainas de moitismas especies. Esta sorte de gente pequena qu'a *Führer* chama, con humor, espritos da selva (*Waldgeister*) son dos seres máis lindos e máis graciosos nos seus corpiños bulideiros e nos seus movementos súpetos ou repousados, na viveza pícara dos seus ollos redondos e furadores, que ven medral a herba, e no simpático xeito de limpáren os bigotes e comerén coas dúas mans e de lle daren ao rabo, sen deixaren un instante de mover o fuciño. Son listos coma centellas, e fica un embobado ollando pra iles.

Os ratos teñen unha casíña pra iles, divi-

dida en caixas de tecido metálico, ond'andan enormes niñadas, brancos, escuros, dourados, prateados, grises, roxos, negros, de todol-os grandores e de todal-as formas, unha mürmia.

Dos macacos, atópanse todol-os nosos ilustres parentes, agora já non antepasados, gorila, chimpancé, orangután, etc. Hai un matrimonio moi divertido d'orangutás, que de cote anda danzando e correndo un atrás do outro, entrando e saindo por portas apropiado que lle teñen, e faguendo mil estremonías. Non sei se non virán eiqui os berlineses estudal a *Sexualfrage*... A caste dos babuinos ou cinocéfalos é intresante. Non fallan os pouco simpáticos mandriles de tipo feraz e sinistro ollar. Tampouco ten cara d'home de ben o babuino sagrado do Egipto, e non embargante, compre ollar con respecto á istes macacos lanosos, d'ollos achegados e afundidos debaixo das sobrecellas, aló no comenzo do longo fuciño de can; istes babuinos, que semellan estautas viventes da Amarnasaal do Altes Museum, son o Anubis faraónico, o Hermes Psicopompo mági-co, cand'aínda era un totem. Pol-o menos, iso dín.

(Continuaráse)



OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LIBROS

OTERO PEDRAYO, Ramón. *Contos do Camiño e da Rúa*.—NÓS, vol. LII. Santiago, 1932.

Ninguén pode disputar á Otero Pedrayo a gloria de ser o creador da moderna prosa galega. A creación da prosa galega foi intentada anterior e contemporaneamente ó autor de «Poleminaxes». Mais os esforzos feitos, os fracasos ou conquistas unha parcela de éxito que resulta mínima ó lado da enorme extensión colonizada pol-o creador do libro que motiva estas liñas. Otero Pedrayo guinda pol-a borda da súa nao senlleira os derradeiros lastres de plebeísmo que impedían dignificarse ó noso idioma, e a prosa galega adquire con el rango elevado e posibilidades múltiples. Todo unicamente pol-a forza da arte. Resolución de problemas gramaticais, elección de formas verbais, definitivas decisións ortográficas, non se poden atopar en Otero Pedrayo. Tampouco o seu léxico é sempre un modelo de enxebrismo. Descoidos inespricables, despregos caracterizados pola regularidade verbal atópanse á mancheira na súa obra. Sensíbeis circunstancias, encol de todo pol-o facilmente eliminables, que non poden embazar a gloria de este grande artista. Unha barroca ornamentación de outono ribeirán, unha fluidez de fonte inesgugubre, unha vizosa primadeira de pantesla, un señoril humor, un romántico apaixonamento, unha crásica ecuanimidade, unha sobria visión dramática, posto todo ó servizo de unha grande cultura e de unha comprensión quase inigualada do sér galego, produxeron o milagre de unha magnífica prosa, que é como un río ríax que antes de morrer gloriosamente no océano, serpea infindamente por entre os matos máis mestos, nos que cantan os máis elocuentes paxaros e florecen as máis espléndidas rosas. Prosa sinfónica, cálida, chea de corido, pero envoltiva sempre no gris outonizo de unha bectema especial; prosa orquestral, pero, ó parecer, nada pulida, nada recortada. Non mirto de xardín, senón touza silvestre. Prosa ceibe, non luxulosa, xenial; disonante como o mar e multiforme como os matos. Non parque inglés, senón selva iñorante da poda e o arranxo. Música sen pentagrama, non arrincada ó plano pol-os dedos docturarios do profesor, senón branda nas carballeiras pol-a voz infinda do vento. Pero non apocalíptica, non ferveza estrepitosa: río de maino decorrer entre frondentes arborados, de serpeado curso caudaloso e de cantigar vario: lira de lalin-dos cordes. Prosa xa ausolatamente orixinal e completamente galega.

Pero Otero Pedrayo non é somente o creador da nosa moderna prosa. Creou tamén a novela, creou o ensaio, e no libro que suxire este comentario crea o conto. Otero Pedrayo ten unha prodixiosa facilidade pra captar ambientes, pra nos dar unha sensación de época; pero o come do seu arte está cando narra a vida galega do dazanove, especialmente a vida fidalga aldeán, a vida dos señores nos puzos. De elquí a grandeza de «Os señores da terra». Estes contos de hoxe xiran tamén, especialmente ó redor da vida do pasado século. E son unha galería de tipos galegos perfectamente vistos. Unha Galicia pra min moito máis gostosa e real que a Galicia do outro gran don Ramón, o das barbas de chivo. Ca elección de *O Pecado*, que non me parece un personaxe especificamente galego, os demais heróis de «Contos do camiño e da rúa» son verdadeiros arquetipos nacionais. Pol-o cal este libro, como «Os camiños da vida» é, en grande parte, unha obra céntrica, de historia natural, de socioloxía, de antropoloxía galegas. Somente sendo un xuno artista e un verdadeiro galego se pode escribir «O fidalgo» que non é xa conto,

senón unha epopeia, que recolle todo un espírito, todo un tempo e todo un xeito de vivir.—R. C. C.

ANTONIO NOBRE, (Láriche) Tradotte e introduzione da Guido Battelli. Firenze, 1932.

O Prof. Guido Battelli, ben coñecido xa pol-as suas traducións de poetas galegos ao italiano (a súa colección de «Poeti Portoghesi Moderni», na que foron publicadas traducións e traballos sobre João de Deus e Antero de Quental moi interesantes, fina de publicar un novo libro desta serie, adicado á Antonio Nobre, que contén unha interesante introdución e unha tradución belísima e coitada. Antonio Nobre non é ben comprendido nin o foi nunca pol-a crítica estranxeira. Recentemente dá a proba a «Literatura Portuguesa» do Prof. Aubrey Bell. Antonio Nobre é ben comprendido, no que ten de poeta poseedor dun senso da aldeandade, familiar, sinxelo, pol-o ilustre lusitólogo italiano. O Prof. Guido Battelli anuncia asía na mesma colección en que aparece este volume traducións dos canzoneros galaico-portugueses.—A. C. M.

REVISTAS

EL UNIVERSAL GRÁFICO, diario ilustrado de México, de 4 Agosto, 1932.

Artigo de Salomón Kahan, titulado *Una evocación de España*, que ven taxaque todo adicado ao compositor galego Luis Talbo, de quen deu a coñecer unhas tantas composicións á Sociedade de Música de Cámara de México, entre elas *Celtica n.º 1*, pra piano, violín, viola e cello, *I Amanecer*, *II Peregrinos en Compostela*, *III Canto de Panderero*, *IV Alalá*, *V Danza galaica*, *Celtica para dúo*, *VI Canción de cuna*, *II Alborada*, *III Canto de arriero*, *Danza*, *Primer y Segundo Cuarteto de Cuerdas*. O crítico fai unha cumprida loubanza da arte do noso compatriota, arte inspirada na música popular, e que pón ao igual da dos mellores compositores hespañoles dos nosos días.

BREIZ ATAO

Leva adicado dous números ao já tan sonado atentado de Rennes á voadura con dinamita do movemento conmemorativo da anexión da Bretaña á Francia, realizada a víspera da celebración do centenario da anexión devandita. *Breiz Atao* comenta con moito chiste o escándalo que ergueu co gallo d'iste atentado a imprensa, e tamén a policía francesa, que s'encheron d'acusar e de prender nacionalistas bretons inocentes do feito.

Dín qu'unha Señorita bretona, cando lle preguntou un periodista estranxeiro o que pensaba do atentado de Rennes, respondeu que soño se layaba de non ter sido ela a autora.

Breiz Atao inserta tamén un razoado e comprensivo artigo dun escritor francés defendendo a alitude dos bretons, e trae fotos da entrada de Mr. Herriot en Rennes custodiado por abocedosas forzas de policía.

Otra cousa é tamén un sermón feito na catedral de Vannes o 7 d'agosto, por Monseñor Duparc, bispo de Quimper e de León, o qual non é autonomista, en defensa da lingua e máis da cultura bretona. Iste bispo non autonomista propugna de cote o ensino da lingua e da historia de Bretaña.

Imprenta NÓS. Hortas. 20. Santiago



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseco dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meichiñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN-MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibres, convelle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha bibli  galega,
mentrás non  adequa as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO